

PLAN DE CONVIVENCIA

INTRODUCCIÓN

0. MARCOLEGAL

1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ENTORNO

2. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

3. EXPERIENCIAS E TRABALLOS PREVIOS RELACIONADOS COA CONVIVENCIA NO CENTRO

4. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA DO CENTRO NA ACTUALIDADE

5. OBTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

6. ACCIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBTIVOS

7. NORMAS XERAIS DO CENTRO

8. NORMAS DE CONVIVENCIA

9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

10. RELACIÓN DE FALTAS E CATALOGACIÓN

11. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

12. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

INTRODUCCIÓN

Para favorecer o proceso de ensinanza-aprendizaxe e garantir unha convivencia satisfactoria de toda a Comunidade Educativa, é necesario establecer un marco de actuacións adaptado á nosa realidade, consensado e participativo que abrangue todo o ámbito escolar.

Polo que o presente **Plan de Convivencia Escolar**, trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de convivencia, así como de establecer as normas que a regularán, e plasmar as actuacións que se levarán a cabo para cumprir os obxectivos do mesmo.

Un dos **puntos de partida** para a realización do plan é o **marco legal existente**, que recoñece o **papel decisivo que xoga a educación como motor que impulsa a cultura da paz**, a cal incorpora unha serie de valores, comportamentos, actitudes, prácticas, sentimentos e crenzas que rexeitan a violencia e promoven o diálogo e a negociación como práctica a xeneralizar na xestión dos conflitos, sendo o outro punto de partida na realización do plan, as **reflexións de todo o claustro sobre o modelo de convivencia do noso centro**.

Poñer en práctica este plan supón a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a desenvolver e adecuar a cultura da paz na nosa comunidade educativa. Para que o plan sexa realmente efectivo, debe ser **coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da nosa comunidade educativa**: alumnado, profesorado e familias.

Este plan ten como **finalidade** promover e contribuír á consecución dun clima adecuado dentro da comunidade educativa e, especialmente do centro, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia. Creándose o **Observatorio da Convivencia do Centro**, que será a estrutura de apoio permanente encamiñada a reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e a deseñar estratexias que fomenten a cultura de paz e a mellora do clima de convivenciaescolar.

1. MARCOLEGAL

- Constitución Española: Artigo 27.2.
- *Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio de educación(LOE)*
- *Decreto 130/2007 do 28 Xuño polo que se establece o currículo de Primaria na CCAA de Galicia.*
- *Decreto 85/2007, do 12 de Abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, do martes 8 de maio)*
- *Instruccións sobre o Observatorio de Convivencia Escolar nos centros educativos e para a elaboración dun plan de convivencia (consellería de educación) (17/10/07)*
- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa.*
- *Regulamento de Réxime Internodocentro. Proxecto Educativo docentro.*
- *Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia (Xunta de Galicia).*
- *Decreto 8/2015, de 8 de enero, por el que se desarrolla la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar.*

2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ENTORNO

O CEIP “Mestre Martínez Alonso” está situado na vila de Mos (Pontevedra). É un centro de 17 unidades, 5 de infantil e 12 de primaria, que conta cun total de trinta profesores/as, un conserxe e un auxiliar técnico educativo. O centro escolariza un total de 281 alumnos/as que se distribúen nos distintos niveis.

Consta de transporte e de servizo de comedor, e é un centro de escolarización preferente para nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación pertinente e está composta polos órganos unipersoais (Director, Xefe de estudos e Secretario), colexiados (Consello Escolar, Claustro de Profesorado) e polos Órganos de coordinación docente

(Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagógica, Equipo de Normalización Lingüística e Equipo de actividades extraescolares e complementarias).

O centro conta cun profesorado moi dinámico, que participa en distintos proxectos: plan mellora da biblioteca, sección bilingüe, Cursos de formación en centros para a realización da Concreción Curricular, Proxecto de Formación Permanente do Profesorado en materia de Educación Emocional, Convivencia e Creatividade, Programa en colaboración co IES de Mos para facilitar a transición de EP a ESO, Programa de Educación Viaria en colaboración co Concello, etc.

O equipo do profesorado é bastante estable, conta cunha gran parte de profesorado definitivo o que contribúe a que o clima de convivencia existente entre os distintos profesores/as do centro sexa moi bo.

O prototipo dominante das familias do alumnado do centro ten unha estrutura convencional, aínda que hai que resaltar a existencia, cada vez máis común, de familias monoparentais. O nivel socioeconómico cultural é medio – baixo. En xeral o ambiente familiar é estable, sen grandes conflitos, aínda que tamén hai un porcentaxe de familias cun grao de desestruturación considerable. Estes feitos repercuten de xeito positivo e negativo, respectivamente, na marcha escolar.

En xeral as familias manteñen unha relación boa e fluída co colexio. Existe una Asociación de nais e pais moi participativa e colaborativa co Centro.

A vila na que se sitúa o centro conta cos servizos adecuados para satisfacer as principais necesidades da poboación: concello, sanidade, educación, servizos sociais, comunicacións, lecer e espectáculos, ademais de estar a 15 minutos do centro da cidade de Vigo.

3. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

No noso centro entendemos a **convivencia escolar**, como a interrelación que existe entre as distintas persoas que compoñen a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias), e que no noso caso, ten lugar nun espazo determinado: a escola.

As bases desta relación terán como principais piares a comunicación, o respecto, a valoración da diversidade, a cooperación, a empatía, a asunción de compromisos e a tolerancia. Aínda así, a convivencia que existe no noso centro, dependerá das distintas características dos membros que compoñen a comunidade, así como da forma de relacionarse que prevalece na mesma.

O centro escolar é un ente dinámico e cambiante, no que coexisten diversos grupos humanos, polo tanto, o clima de convivencia que se establece no mesmo tamén e cambiante, polo que será feito dun **proceso de construción colectiva e requirirá da implicación de todos os membros** da nosa comunidade

Convivir conleva en ocasións problemas e conflitos cos outros/as, polo que é importante educar ao alumnado para facer fronte a estes conflitos promovendo actitudes de aceptación, respecto, diálogo e consenso.

É importante actuar de cara a prevención dos posibles problemas, tentando crear un clima que evite a aparición de todos aqueles episodios que poidan perturbala. *Polo que se tentará poñer todos os medios para identificar aquelas situacións que supoñan un problema e para fomentar unhas boas relacións interpersoais.* Neste sentido é importante elaborar e clarificar as normas que nos van rexer.

Para xestionar a convivencia no centro tentaremos facelo desde un **modelo integrado**, é dicir, que esté insertado no proceso de ensino-aprendizaxe e na cultura organizativa do centro. Pero este modelo non exclúe adoptar outros, como poden ser o **modelo sancionador** (baseado unicamente na aplicacións de sancións) e o **relacional** (baseado no diálogo e o consenso), dependendo da ocasión.

4. EXPERIENCIAS E TRABALLOS PREVIOS RELACIONADOS COA CONVIVENCIA NO CENTRO.

A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia e inclusión, é o eixe fundamental sobre o que xira o *Proxecto Educativo* do noso centro.

As actividades que se veñen realizando neste centro no tema da convivencia están en relación directa ou indirecta coa mesma. A continuación ofrécese un resumo das medidas e actividades levadas a cabo que pensamos que favorecen a convivencia escolar.

4.1 Profesorado:

- **Metodoloxía:** traballo cooperativo, axuda entre iguais, atención á diversidade, traballo das habilidades sociais e da intelixencia emocional, traballo dos valores...
- **Difusión das normas** entre o alumnado e **debate** das mesmas.
- **Difusión dos dereitos e deberes do alumnado.**
- **Reunións coas familias** co fin de implicalos na marcha do centro, de crear un clima de confianza, de difundir as normas, de dar e obter información...
- **Convivencia co alumnado** en todos os ámbitos escolares.

4.2 Alumnado:

- Posta en práctica do **Plan de acollida** ao alumnado de novo ingreso, co fin de propiciar unha rápida integración do alumno/a e un bo clima coa familia do alumnado novo.
- Participación na **elaboración das normas da aula. Difusión** e coñecemento das normas.
- **Participación nas festas, saídas, excursións...** Nestas actividades, nas que a convivencia é a tempo completo, é onde principalmente se pode fomentar o valor do respecto cara aos demais.

4.3. Centro:

- **Difusión das normas de convivencia** e **revisión** cada curso das mesmas,

procurando actualizalas ás novas situacións.

- Organización de actividades para a **acollida do novo profesorado** desde o equipo directivo: facilitar toda a información do centro e debatela en reunións co fin de propiciar rapidamente a integración e de favorecer un clima de confianza.
- **Elaboración, difusión e consenso dos distintos documentos:** PE, PAT, PXAD, POE, Plan de Acollida...
- **Reserva de espazos e tempos** para a comunicación entre familia e equipos docentes.
- Fomento das **actividades propostas polos pais/nais dos alumnos/as**.
- **Colaboración noutras actividades** do centro: plantacións de árbores, saída fin de curso, etc.

5. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA DO CENTRO NA ACTUALIDADE

A convivencia no centro está condicionada por unha serie de **factores externos** a este, pero de gran influencia. Entre eles podemos citar:

5.1. O contorno físico:

- A distribución dos espazos do centro supón, ás veces, unha causa de conflitos. O colexio ten varios pisos e numerosas escaleiras que, en moitas ocasións, orixinan problemas xerados por un comportamento inadecuado, ao subir e baixar as mesmas, que favorece a falta de respecto.
- Ademais a distribución dos espazos do patio é susceptible de xerar conflitos.
- O uso dos espazos comúns é, en ocasións, fonte de problemas debido á falta de criterios comúns para a utilización dos mesmos.

5.2. O contorno social:

- Nalgunhas ocasións, a mobilidade dalgunhas familias, implica que o alumnado comeza a medio curso ou non remata este no mesmo centro.

Unha vez analizados ditos factores, a situación actual da convivencia no noso centro pódese dicir que é boa e satisfactoria.

A relación con **outras institucións** do contorno, como por exemplo o Concello, é correcta. O Concello organiza puntualmente actividades extraescolares no contorno nas que participa o centro (por exemplo: Educación Viaria) así como outras actividades máis sistematizadas (Actividades deportivas e de ocio). Así mesmo del dependen os Servizos Sociais cos que existe unha estreita colaboración. A participación do Concello canalízase a través do seu representante no Consello Escolar de centro.

Ademais, contamos coas relacións establecidas con ONGs e empresas da contorna que enriquecen a visión pluralista na nosa liña educativa, que pretende ofertar ó noso alumnado novos modelos de realidades cotiá. Deste xeito temos colaborado con ACEESCA (Asociación sen ánimo de lucro de apoio e ensino a persoas con discapacidade), supermercados Consum, etc.

A relación entre o **profesorado** é fluída e agradable, a pesar de que é un claustro moi numeroso.

A relación coas **familias** é en xeral bastante fluída. A maior parte dos pais implícanse moito e colaboran en gran medida. Sen embargo, outro grupo, debido a distintas e variadas razóns, non colabora tan activamente nin se implica no proceso educativo do seu fillo/a.

Entre o **alumnado** non se observan serios problemas, aparecendo algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor.

Os **tipos de conflitos máis frecuentes**, cós que nos encontramos no centro son:

A) Alumnado:

- Comportamentos disruptivos na aula: levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Problemas no patio relacionados coa distribución dos espazos.
- Distracción e falta de atención.

- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais, e perda do respecto ao profesor durante o período lectivo.
- Excesiva competitividade.
- Desobediencia ás ordes educativas do profesor.

B) Profesorado:

- Mobilidade do profesorado o que inflúe na asunción de determinados compromisos tomados polo claustro. Doutra banda esta mobilidade é enriquecedora, pois aporta novos puntos de vista.

C) Familias:

- Tendencia a xustificar aos fillos/as con respecto ao incumprimento das normas.
- Pequenos conflitos xerados por diversidade de opinión en canto ao tratamento dun tema.
- Falta de puntualidade ou ausencia nas citas cós titores/as dos seus fillos/as.
- Saltarse o RRI, en canto a xerarquía para solucionar un problema puntual de ámbito titorial, sendo o conduto axeitado o seguinte: titora ou titor, profesor especialista, xefa de estudos, director/a, e por último, inspección educativa.

6. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA:

6.1. Obxectivos xerais do plan de convivencia:

En relación a análise da situación de convivencia do centro, plantexamos os seguintes obxectivos.

- Desenvolver accións que faciliten unha boa relación entre os membros da comunidade educativa.
- Levar a cabo unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia na aula
- Fomentar actividades, espazos e tempos para mellorar as relacións entre compañeiros/as.
- Fomentar valores de convivencia como o respecto mutuo, a tolerancia, a solidariedade, empatía e a interiorización das normas de convivencia, o diálogo, a colaboración.
- Desenvolver nos alumnos habilidades sociais e intelixencia emocional.
- Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o bo clima de clase para evitar a conflictividade e diminuír as condutas máis graves plasmadas nos partes de incidencias.
- Priorizar a resolución pacífica dos conflitos de xeito formativo mediante o diálogo e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos.
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os mestres de forma consensuada, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
- Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo

En canto os *obxectivos* que implican a cada un dos membros da Comunidade Educativa, son:

6.2. Obxectivos para o profesorado:

- Conseguir un entorno educativo adecuado para o proceso de aprendizaxe.

- Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir unha educación nos valores democráticos.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais, que permitan comprender os diferentes puntos de vista e convivir en sociedade, fomentando o diálogo e comunicación.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
- Fomentar e velar polo cumprimento das normas.
- Coñecer as consecuencias das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
- Previr, detectar, tratar e realizar un seguimento daquelas manifestacións de violencia e acoso que se poidan producir no centro.
- Posuír a información sobre o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito.
- Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
- Mediar na resolución pacífica dos conflitos e utilizalos como fonte de aprendizaxe.
- Coñecer os deberes e dereitos de cada sector da comunidade educativa.
- Inculcar ao alumnado e ás familias que o desenvolvemento dos dereitos vai acompañado do cumprimento dos deberes cara aos demais.

6.3. Obxectivos para o alumnado:

- Adquirir os valores de tolerancia, respecto e actitude de diálogo como xeradores dunha boa convivencia.
- Aceptar as diferencias e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
- Asumir o compromiso coas normas de convivencia do centro.
- Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados no entorno escolar de xeito pacífico.
- Implicarse na procura de solucións aos posibles conflitos.

- Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno, así como no uso e coidado do material e das instalacións.
- Manifestar actitudes de respecto, colaboración e solidariedade cara aos demais.
- Coñecer os seus dereitos e deberes.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.

6.4. Obxectivos para as familias:

- Implicarse no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Colaborar activamente co profesorado para conseguir un mellor desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos/as.
- Participar e colaborar co centro educativo nas medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
- Coñecer os dereitos e deberes dos seus fillos/as, e deles mesmos, como membros da comunidade educativa.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA, Observatorio da Convivencia...
- Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

7. ACCIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

7.1. Actuacións preventivas (Apartado Nº12):

7.1.1 Actividades para traballar a convivencia positiva de aula:

- **EMOCIONARIOS OU EMOCIONÓMETROS:**

Dentro do traballo das Educación Emocional e para transmitirlo ós nosos alumnos, traballamos desde as aulas con emocionarios ou emocionómetros, para ter unha disposición a mostrar publicamente emocións e sentimentos. O modo de traballo é comprender en primeira instancia as emocións básicas, diferencialas segundo as

distintas situacións e mostralas ao grupo. A continuación pasamos á comprensión dos sentimentos, abrindo cada vez máis o abano de posibilidades. Por último traballamos o manexo de emocións e sentimentos.

Este tipo de emocionarios están presentes na maior parte das aulas de titoría e especialidades en diferentes formatos, e en ambas as dúas etapas educativas.

▪ **ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL RELACIONADAS COA XESTIÓN EMOCIONAL:**

- ✓ Actividade das apertas.

O alumnado de Educación Infantil realiza diferentes actividades para favorecer a expresión emocional mediante apertas. Dun xeito non invasivo e garantindo os espazos persoais, participaron en ensinanzas de expresión das emocións de afecto sen medo.

- ✓ Actividade do amigo invisible.

Polo Nadal, o alumnado de Educación Infantil participa nunha actividade de etapa coa temática do amigo invisible, similar á típica tradición dos agasallos que deste tipo se dan por estas datas. A clave consiste en agasallar con cousas non materiais e así obsequiar os seus compañeiros doutras clases con bicos, corazóns e demais propostas que pretenden traballar a socialización e a mostra de afecto entre iguais.

Ademais destas actividades, tamén se realizan outras específicas para tratar emocións concretas (especialmente a emoción primaria de medo), o emprego de mascotas de aula para traballar as emocións, etc.

7.2. Actividades para a integración e participación do alumnado:

7.2.1 Proba sociométrica:

A proba sociométrica usarémola para determinar a estrutura grupal da clase (sociograma) e a situación relativa de cada alumno con respecto ao grupo (cadro sociométrico).

Esta proba, sérvenos para:

- Poder exercer unha influencia máis eficaz na dinámica do grupo.

- Incrementar a cohesión grupal, favorecer a convivencia e o traballo eficaz.
- Evitar o rexeitamento ou o illamento social integrando na dinámica grupal os alumnos rexeitados, illados ou aos alumnos illados.
- Constituír grupos de traballo eficaces.
- Conseguir a colaboración dos alumnos estrelas na boa marcha da clase.
- Determinar as vías de contacto entre subgrupos enfrontados ou entre alumnos estrelas.
- Recordar os resultados non deben ser comunicados en ningún caso aos alumnos, pois poden xerarse graves consecuencias.

7.2.2. Actividades coordinadas coa biblioteca:

- APADRIÑAMENTOS LECTORES:

A actividade dos apadriñamentos lectores faise dende o traballo do Equipo de dinamización de biblioteca para, dun xeito creativo, adaptar a titoría entre iguais para unha actividade especial polo día do libro. Deste xeito, o alumnado repártese de modo que alumnos de idades avanzadas apadriñaban a nenos máis pequenos para lerlles un conto no día do libro. Primeiro realízanse actividades para entrar en contacto e coñecerse, e máis adiante, portando un regalo para os afillados a modo de marca páxinas, os padriños lenlle un conto na data mencionada ao resto do alumnado.

7.2.3 Actividades xestionadas dende o PFPP:

- PROXECTO #MOTIVATUCOLE, #MOTIVATEUCOLE:

Motiva tu cole (#MotivaTuCole, #MotivaTeuCole), é unha experiencia inspirada no movemento cultural mexicano Acción poética. Consiste en transformar espazos do noso colexio con grandes murais que portaron mensaxes motivacionais para o alumnado, e, porqué non, tamén para o profesorado e membros da comunidade educativa.

7.2.4. Actividades que favorezcan a relación de familia e centro:

Pais e docentes comparten un mesmo obxectivo que é educar ós alumnos. A cooperación entre ambos é fundamental para que o desenvolvemento académico do estudante sexa coherente. Os pais han de implicarse no funcionamento da escola e

participar nas actividades comúns que se propoñan, debendo cooperar e relacionarse as dúas partes, para ca traxectoria académica do neno/a se desenvolva de forma coherente e na mesma dirección.

- Pautas para pais/nais
 - Atender a demanda de titorías ou sesións individuais dos docentes. Preparar con antelación as entrevistas para que sexan o máis frutíferas posibles.
 - Respectar a figura do docente e valorar as súas opinións e recomendacións respecto ao desenvolvemento académico ou social do estudante.
 - Implicarse nas tarefas escolares do alumno na casa e informar os titores se xorden problemas importantes na súa realización.
 - Informar os docentes ou ao centro de calquera alteración familiar ou do fogar que poida influír no desenvolvemento académico do estudante.
 - Non banalizar diante dos fillos as actividades escolares ou emitir críticas negativas sobre os docentes na súa presenza.
 - Participar na medida das súas posibilidades nas actividades extraescolares que propoña o centro.

- Pautas para profesorado
 - Interesarse pola situación familiar do alumno para obter a información necesaria que lle axude a atender as súas necesidades individuais.
 - escoitar as inquietudes dos pais e propoñerlles solucións e ideas educativas para implementar na casa cos seus fillos.
 - Utilizar con eles unha linguaxe axeitada e comprensible que lles permita entender os conceptos que se tratan.
 - Facer uso da información e ideas que lles trasmiten os pais. Non chamar sempre ás familias para formular queixas, senón tamén para

mostrar a súa satisfacción polo bo comportamento ou os resultados positivos do alumno.

- Adoptar acordos conxuntos sobre as estratexias académicas máis adecuadas para mellorar ou manter o rendemento académico do estudante.

Con independencia destes aspectos a ter en conta, o centro realiza a maiores unha serie de actividades encamiñadas a desenvolver as boas relacións entre toda a comunidade educativa. Se relatan algunhas delas a continuación:

- **ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL:**

- Mural das familias:

Faise partícipes ás familias con murais que se deseñaron coas fotos familiares e as súas pegadas. Deste xeito, o alumnado de 3 anos, de nova incorporación no centro; todas as mañás ao entrar nas aulas, podía ver aos seus seres queridos nas paredes do centro.

- Caixa de bicos da familia:

Outro dos materiais deseñados para o traballo do apego e da comunicación coas familias e a súa participación da vida académica dos nenos de Infantil foi a caixa de bicos. Os pais e nais, irmás, irmáns e outros familiares, deixaban a marca dos seus beizos e estaban a disposición do alumnado no momento en que os botaban de menos.

- **ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE ORIENTACIÓN:**

- Educando xuntos, Familia-Escola:

Esta actividade xorde para fomentar a colaboración e participación das familias na vida escolar.

Dende o Departamento de Orientación, comenzouse aportando unha serie de folletos informativos sobre temas que consideramos de interese para as familias e alumnado de cara a un bo aproveitamento escolar. Temas como hábitos de estudo, novas tecnoloxías, internet e televisión, hábitos alimenticios..., que estimamos útiles e prácticos e que poden servir para axudar á mellora dos nosos alumnos, xunto coa importante colaboración das

familias.

- Plan de Medio Ambiente,

que incluye o reciclaxe de papel a recollida de tapóns e o proxecto da horta. Consideramos importante seguir concienciando ós alumnos/as do centro da súa importancia. Está dirixido a todos os alumnos do centro.

- Plan de Acolida para os alumnos de Educación infantil.

Este proxecto xurde para facilitar a integración e adaptación escolar aos alumnos que comencan por primeira vez.

Nesta etapa dase un cambio significativo na vida do neno: empieza a ir ao colexio. Isto axudaralle a ampliar o seu círculo social xa que, ata o momento, os pais, os familiares e amigos cercanos foron o seu principal punto de referencia. É importante que tanto os pais como o neno estén preparados para afrontar unha entrada exitosa no colexio.

De ahí a importancia deste proxecto, donde se ten en conta que para o neno o colexio vai a un lugar novo para él donde vai a pasar un determinado tempo con personas novas realizando actividades que requiren un esforzo e sometidos a unha serie de normas e rutinas ás que non todos están habituados...e ofrécenselle pautas aos pais para axudar nesa adaptación.

- Programa de Déficit Auditivo e Visual en Educación Infantil.

Dada a importancia que ten a detección e diagnóstico de unha posible perda de visión e audición en Educación infantil, lévase a cabo un programa de detección para alumnos de 4 e 5 anos no segundo trimestre do curso, transmitindo os resultados aos pais para derivalos a outros especialistas, en caso necesario.

- Programa de transición de Infantil a Primaria.

O desenvolvemento evolutivo é un proceso alométrico, é dicir, con grandes avances, retrocesos e estancamentos, pero sempre en constante evolución.

O desenvolvemento dos distintos ámbitos como o físico, intelectual, afectivo e social, ven secuenciado por unhas etapas polas que pasan todos os individuos, si ben as influencias do

contexto e as particularidades de cada neno/a poden adelantar ou retrasar as adquisicións propias de cada estado evolutivo. Resaltar que o paso de un periodo ao seguinte acontece sempre de maneira gradual e en algún momento conviven capacidades e limitacións de períodos contiguos.

Por todos os cambios que o neno/a vai a vivir, no tempo tan corto de “un verán”, tanto desde la Educación Infantil como desde o 1º Ciclo de Educación Primaria débese potenciar e desenvolver todas as posibilidades do alumnado e dotarlles das competencias, destrezas, actitudes... así como as adaptacións necesarias que faciliten a súa pronta integración na Educación Primaria.

Tendo en conta todo esto, o comenzo do primeiro curso de Educación Primaria é percibido polo alumnado como un novo reto que debe afrontar e superar por sí mesmo.

A adaptación á nova situación levarlles un tempo que, nalgunos casos, durará os primeiros meses e notros todo o curso, pois cada alumno/a ten o seu ritmo.

Por tanto, é imprescindible a estreita relación e coordinación entre os docentes que imparten Infantil 5 años e o profesorado que imparte o Primeiro Curso de Educación Primaria (tanto tutores, como especialistas) para que o neno/a viva a transición de forma ordenada, secuenciada, progresiva, coherente e evitando cambios bruscos. E para asegurarlo considérase convinte e necesario a existencia dun Programa de Tránsito, elaborado de forma conxunta e consensuada entre ambas etapas.

- Programa de reeducación da escritura.

“A escritura é o relevo visible do pensamento” (Hyppolite Michón)

Este taller de escritura propónse trala necesidade de mellorar a calidade da escritura dos alumnos do noso centro. Plantéxase dende unha perspectiva estritamente formal, traballando a ruta caligráfica das palabras, sen deternos nos aspectos morfolóxicos, semánticos ou sintácticos.

O noso taller vai dirixido para algúns alumnos dos cursos 3º, 4º, 5º e 6º de Educación primaria cunha caligrafía que consideramos podería terminar afectando ó seu desenvolvemento no resto das áreas académicas. Para seleccionar o alumnado coordinámonos cos titores correspondentes para priorizar os casos máis graves, é dicir;

alumnos cunha grafía que dificulta a súa comprensión da escrita e que podería xerar dificultades de comprensión en xeral.

- Proxecto Guíame (6ºEP), de transición de Primaria a Secundaria.

O tránsito entre as dúas etapas é un dos momentos máis importantes na escolarización obligatoria do alumnado. O escalón é inevitable pero é un momento crítico. Comenzar a etapa de Secundaria implica unha serie de cambios para o alumnado. A capacidade de adaptación é tamén un valor educativo, de aquí que sexa importante abordar a transición tamén desde unha perspectiva positiva, considerándoa como unha oportunidade para a aprendizaxe e crecemento. O que importa é que o paso de un nivel a outro sexa eso, unha transición e non unha ruptura, xa que esa graduación progresiva rómpese cando se acumulan moitos cambios e esixencias nun determinado momento. Todas as transicións educativas son delicadas, pero quizás ésta o sea especialmente, debido a unha serie de circunstancias que concurren e que poden incidir na historia escolar del alumnado. Co plan de transición pretendemos minimizar os principais cambios derivados do paso a etapa Secundaria.

- Taller de estimulación á Linguaxe Oral en Educación Infantil

Dada a gran importancia que a linguaxe ten no desenvolvemento cognitivo, no proceso de socialización e na relación e comunicación humana, no noso centro cremos convinte a elaboración dun Obradoiro de Estimulación da Linguaxe Oral, que sirva ao profesorado de Educación infantil como un instrumento ordenado, que lle axude no ámbito da comunicación, e á vez realice unha labor preventiva para evitar os pequenos trastornos da fala que máis comúnmente se adoitan atopar nos escolares.

Propónse como un elemento dinamizador do desenvolvemento da linguaxe e das capacidades cognitivas dps nenos/as, recoñecendo a aula coma o mellor espazo para crear ambientes comunicativos e o xogo como estratexia de intervención e elemento motivador.

Está dirixido principalmente aos alumnos de Educación infantil (adaptando cada nivel o grao de dificultade) e nos casos que sexa necesario e solicítase aos alumnos do 1º nivel de Educación primaria.

- Adaptación do Centro á linguaxe con pictogramas

Consideramos o proxecto unha ferramenta inclusiva pois nos plantexmos a necesidade de pictografar o cole para facer o centro máis accesible e adaptado non só ao alumnado TEA, facilitando os seus desplazamentos por todos os espazos, senón tamén estamos seguros servirá de axuda a toda a comunidade escolar.

O proxecto está en realización.

7.2.5. Actividades para a sensibilización fronte ó acoso e intimidación entreiguais.

Poderemos tratar de forma sistematizada no contexto da titoría tarefas que incidan no ámbito das habilidades sociais. Tamén poderemos desenvolver no centro actividades como por exemplo, o día da paz, facendo especial fincapé no feito da non violencia como cultura de paz que fomenta unhas relacións e o avance en habilidades sociais e cívico democráticas.

Liñas que son indicadas para a prevención do acoso entre iguais:

- Cohesión de grupo e disciplina democrática
- Educación emocional.
- Educación en valores.
- Educación en técnicas de comunicación, asertividade e habilidades sociais.
- Taller para a mellora da autoestima.
- Taller de asertividade e habilidades sociais.
- Taller de resolución de conflitos.
- Taller de mediación.
- Taller de intelixencia emocional.

Ademais destas liñas prioritarias, mantemos no noso centro as seguintes estratexias de xestión e resolución de conflitos:

- PROXECTO “CO BULLYING NON HAI VIDA:

O proxecto “Co bullying non hai vida”, xorde como resposta á competencia do Sentido da iniciativa e espírito emprendedor para facer unha tentativa de redución dos conflitos nos tempos de recreo. Como comunidade educativa sensibilizada coa problemática do bullying, traballamos xunto co noso alumnado nunha actividade de prevención do acoso escolar. O alumnado de 6º curso de Educación Primaria nas áreas de Valores e Educación relixiosa, deseñou un programa de acompañamento e reflexión nos tempos de recreo o cal bautizou co nome: “Co bullying non hai vida” como unha proposta de mellora na resolución de conflitos escolares.

Coma docentes, somos conscientes do foco de problemáticas que transcenden dos nosos patios escolares e, en aras dunha convivencia pacífica, coordinamos esta actividade de acompañamento e reflexión con voluntariado destes alumnos e alumnas do 6º curso de Educación Primaria.

Funcionamento:

Un grupo de alumnos e alumnas voluntarios de 6º curso de Educación Primaria, portando unha gorra vermella distintiva co logo do proxecto, pasea polos patios de recreo tentando de ofertar a súa axuda en materia de conflitos. Sen necesidade de activar unha proposta máis complexa como a titoría entre iguais ou ben, a mediación; ofrecen a súa axuda cando hai desacordos no patio. Evidentemente, a responsabilidade principal da resolución destes conflitos será do profesorado, máis consideramos que esta é unha axuda imprescindible para lle outorgar autonomía ós nosos alumnos en materia de convivencia.

Ademais coma práctica para a prevención do ciberacoso, este alumnado traballa nun blog onde dan consellos e boas prácticas informáticas na rede.

Ámbito de aplicación:

O alumnado que traballou no proxecto, nomeado por eles mesmos, “tiritas” en alusión ao logo deseñado, divídese en una proporción de catro alumnos por recreo, tres deles para levar a cabo a súa labor no patio de Educación Primaria e un deles no de Infantil. Para esta división tivemos en conta a incidencia do bullying por idades.

O finalizar cada curso faise unha actividade de avaliación sobre o traballo desempeñado polo alumnado protagonista do proxecto e da incidencia dos conflitos.

- **PROXECTO O PATIO QUE SOÑAMOS** (xestionado dende o PFPP):

Seguindo o modelo de patios dinámicos, favorecemos as relación entre o alumnado nos tempos de recreo con este proxecto, que pretende incluír ao alumnado con n.e.e. de apoio educativo para que non se sintan aillados no patio. Deste xeito, este tipo de alumnado que moitas veces é vítima de situacións de acoso escolar, consegue sentirse apoiado e valorado no xogo entre iguais. O proxecto de Patios Dinámicos comezou en 2011 en Asturias da man de Gey Lagar e rápidamente se estendeu a moitos colexios de España, Europa e latinoamérica.

Os **obxetivos** do proxecto son:

1. Promover a inclusión.

Conseguir que a integración sexa inclusión a través do xogo, dado que actualmente a realidade constátase en que os nenos practicamente coñecen só os xogos que ofrecen as novas tecnoloxías e os que aprenden nas aulas de Educación Física. Promovendo a inclusión, auméntase o desexo da socialización e do xogo.

2. Potenciar a autodeterminación

Xerar unha dinámica entre iguais que debe ter ciontinuidade mediante a capacidade de decidir a qué xogos queren xogar.

3. Acrecentar o desenvolvemento de actividades funcionais fronte a posibles estereotipias e/ou conductas disruptivas.

Con xogos sinxelos, estruturados, pódese conseguir eliminar unha estereotipia. As conductas disruptivas danse porque moitas veces os nenos non saben como se xoga. Se coñecen as normas do xogo as conductas redúcense sempre.

4. Xogar por xogar.

O obxectivo indica disfrutar do xogo, e todos xuntos participando do mesmo. Favorece un clima de entendemento e respecto

5. Prevenir o acoso escolar

Se creamos unha dinámica de xogo, participación,... imos lograr un bo clima, de respecto e amizade e ser unha medida preventiva contra o acoso.

Impacto na comunidade educativa:

A implementación deste proxecto traerá un importante impacto social na comunidade educativa:

- **No profesorado:** un clima máis estable no tempo de recreo, tranquilo, onde non xurden pelexas, (quen gaña, quen perde,... onde nin se conseguen facer equipos de xogo...), repercutirá no regreso ás aulas, pois conseguírase que as medidas atencionais sexan maiores xa que se intercala un tempo activo, divertido, e non un recreo aburrido e cheo de conflitos.

- **Nas familias:** que coñecen o traballo curricular que se leva a cabo no colexio, se ademais se proporciona un programa que poida xenerar oportunidades entre iguais enriquece moitísimo en todos os sentidos.

- **No alumnado:** aqueles alumnos que a autora do programa denomina “**alumnos diana**”, son aqueles que polas súas características necesitan un apoio para chega ao patio, xa sexan TEA; TEL, con síndrome de down, deficiencias auditivas, nenos que

proveñen doutras culturas, nenos tímidos, nenos que deambulan sos polo patio,... En definitiva alumnos susceptibles de aillamento ou situación de acoso. Todos eles comprenderán mellor o xogo con apoio visual. No caso de alumnos con deficiencia visual (actualmente non temos ningún alumno con esta característica escolarizado no noso centro), analizaráranse as medidas que se poden levar a cabo para transmitir o xogo.

Ditos alumnos son os que especialmente deberemos obsevar e identificar.

A continuación deberemos tomar nota sobre os intereses dos alumnos no seu tempo de ocio través de **cuestionarios** que se adaptarán para cada nivel de evolutivo, para poder despois deseñar uns rincóns temáticos no patio das áreas que lle interesan: fútbol, ajedrez, música....

Os 5 pasos para traballar ben o programa son os seguintes:

1º.- Observación activa:

2º.-Organizar, anticipar

3º.- Materiales visuales de xogo

4º.- Xogar

5º.- Avaliación

É importante ter un **punto de assemblea** de patios dinámicos, un panel donde se explican os xogos con distintos apoios, que poden ser explicacións, apoios visuais con pictogramas....

O **profesor de xogo** ese día levará un **distintivo** que pode ser unha bata, unha capa,....

Organizárase por grupos, por niveis, en xeral....

Na organización dos grupos, poden diferenciarse con goma eva facendo de pulseira de

diferentes cores, gomets, tarxetas de colgar....

Aprender a esperar o turno: cada un co que máis se ifdentifique: con pulseiras, utensilios que se usan na piscina no buceo, cubito con interruptores, pelotas antiesterss....

Analizarase o espacio físico e os “alumnos diana”. Si hai algún que deambula, ou que faga unha actividade repetitiva, que busque o estímulo sensorial, que faga movementos en paralelo, búsqueda de obxetos, que procure o contacto co adulto....

Explicación dos xogos:

- **¿Onde?** Pódese explicar na aula de PT, na aula cunha explicación xeral, ou no punto de assemblea de Patio dinámico.

- **¿Qué? Explícanse situacións sociais**, os nenos poden aprender por imitación pero os “nenos diana” non, necesitan apoios para comprender situacións como rifar por exemplo...

Axudámoslle a aceptar as normas do xogo:é importante que xoguen primeiro coas normas que eu indico, e logo coas que que el pode paortar

- **¿Cómo?** Explicámoslle a qué se xoga con diferentes apoios como a través do procesador de textos de Araword, ou a través de bonecos, imáxenes, fotos reais, vídeos,... non todos os nenos entenden igual as normas.

Exemplos de perfiles dos nenos TEA nun patio:

3 casos

1º Empurra: non o fai por maldade pero sí con unha intención comunicativa

2º Estereotipias: Pódense facer xogos nos que desapareza a estereotipia

3º Neno que se coloca no sitio máis complicado do patio.

Facer ver a todos que poden xogar con eles ou elas, **TODOS** poden xogar.

CREER EN XOGAR.

ESQUECERSE DE IDEAS PRECONCEBIDAS

7.2.6. Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de novoingreso:

- Programa de transición (cando o alumno procede doutro centro):
 - *Obter a máxima información do alumno/a en canto ao seu traxectoria académica, persoal e de integración social no anteriorcentro.*
- Plan de acollida:
 - *Propiciar un ambiente escolar no que o novo alumnado e as súas familias séntanse benacollidos.*
 - *Dar a coñecer as familias e o alumnado as características de a nosa comunidade educativa e fomentar a súa participación.*
- Acollida na aula:
 - *Realiza actividades que permitan o coñecemento dos integrantes do grupo: Presentacións, manifestar aficións,...*
 - *Explicar as normas ao novoalumnado.*
 - *Nomear un compañeiro que o integre no resto dos espazos docentro.*

7.2.7. Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, recista ou de calquera outro tipo:

Con obxectivo de previr os devanditos tipos de manifestacións e actuacións actuarase dende a formación en valores de igualdade, tolerancia, respecto e solidariedade, desenvolvendo iniciativas que eviten a discriminación de calquera membro da Comunidade Educativa e establecendo plans de acción positiva que posibiliten a integración destes.

- Prevención e tratamento da violencia sexista:
 - Participación e contribución de familias, profesorado e alumnado encamiñada a potenciar os valores de igualdade entre os sexos.
 - Traballar incidindo na convivencia e afectividade con exemplos próximos a eles.

Ademais, traballarase en especial este tipo de conflitos dende as seguintes actividades:

- ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA:

Dende o equipo de Biblioteca e con motivo da Conmemoración do Día Internacional da muller traballadora, 8 de marzo, ofrécense unha serie de talleres para concienciar sobre a igualdade de xéneros e tamén a importancia e relevancia da figura da muller en todas as facetas da vida social e cultural.

- Prevención e tratamento da violencia racista:
 - Fomentar o traballo en grupo que favoreza a integración.
 - Promover a figura do alumno- titor que facilita e axuda a integración no patio, comedor, horario extraescolar,...

7.2.8. Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro, en coordinación cos equipos de orientación:

- Reunións periódicas ca persoa responsable do equipo de orientación.
- Elaborar propostas de acción.
- Proporcionar e solicitar do EOE a información necesaria para analizar e intentar solucionar os problemas persoais e sociais do alumno/a. Guía para a mediación escolar.
- Educar dende o conflito.
- Tratar con los demais profesores/as do equipo educativo, os problemas académicos, de disciplina e de grupo.
- Mediar con coñecemento de causa en posibles situacións de conflitos entre alumnos/as e profesores/as e informar debidamente ós pais enais.

8. NORMAS XERAIS DO CENTRO

As normas xerais do centro teñen como **referente** os seguintes aspectos:

- **Asistencia e puntualidade**
- Respecto a **integridade física e a dignidade** da persoa.
- **Respecto e adecuada utilización dos bens** que forman a Comunidade Educativa: edificio, mobiliario, instalacións, material de Centro, material persoal...
- **Respecto á reserva de acceso a determinadas zonas** do Centro: sala de computadores, aulas en tempo de patio...
- Mantemento dunha **actitude correcta na clase**.
- **Tolerancia** ante a diversidade, respectando as características e as diferenzas de cada persoa.
- **Corrección no trato social**, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta.
- Interese por desenvolver o propio traballo con responsabilidade.
- **Respecto polo traballo** de todos os membros da Comunidade Educativa.

- Coidado no **aseo e imaxe persoal** e a observación das normas do Centro sobre estamateria.
- En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente, no presente plan e oR.R.I.

9. NORMAS DE CONVIVENCIA

Para poder levar a cabo o labor docente con éxito, é necesaria a existencia dunhas normas que fomenten un clima que favoreza o proceso de aprendizaxe. Para que se dean esas condicións faise necesaria a existencia dunhas normas, recollidas no **Regulamento de Réxime Interno**.

As normas deste centro teñen unha **redacción en positivo**, onde se recolle o que hai que facer, tentando ser **eficaces, claras e realistas**.

Na súa realización, fomentárase a **participación de todos os membros** da comunidade escolar, buscando o **consenso e o compromiso** na toma de decisións.

Cada norma irá acompañada da súa corrección en caso de infracción. É importante que quen sexa sancionado coñeza de antemán a **vinculación entre a infracción da norma e a consecuencia da mesma**

10. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DOCENTRO:

Co fin de **coordinar e avaliar as actividades propostas neste plan**, é necesaria a creación dunha estrutura que teña como prioridade esa función.

A **Comisión de convivencia do centro** é un **órgano colexiado** que ten como obxectivo fundamental, reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que permitan mellorar o clima da convivencia escolar.

Dita comisión, será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa.

A Composición da Comisión de Convivencia, é a seguinte:

- **O director** do centro, que presidirá.
- **O xefe de estudos.**
- De un a catro **representantes do profesorado**, incluída a persoa responsable da mediación escolar. (No noso caso 2 profesores).
- A **orientadora** do centro
- Unha persoa **representante das familias.**
- Unha persoa representante do **persoal non docente.**
- **Profesionais do concello** (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia.

De forma excepcional, e se fose necesario, podería participar nas reunións da comisión, o **profesorado titor** relacionado co tema a tratar en cada sesión.

Algunhas das Competencias da Comisión de convivencia, serán:

- Velar porque exista un ambiente de convivencia, disciplina e respecto no Centro.
- Estudar con urxencia os problemas que poiden producirse.
- Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras en casos graves.
- Dinamizar o plan de convivencia do centro.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

Periodicidade das reunións

A Comisión de Convivencia reunirse, **cada vez que sexa necesario** por temas disciplinarios e polo menos **unha vez ao trimestre**. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos e presentalos ao Consello Escolar.

11. RELACIÓN DE FALTAS ECATALOGACIÓN.

Terase en conta o establecido no documento das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro.

12. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

- **Medidas de prevención**
 - **Desenvolvemento e difusión do Plan de Convivencia** a toda a Comunidade Educativa, mediante unha copia ás familias.
 - **Debate e discusión das normas de Convivencia** cada curso escolar entre o profesorado do Claustro.
 - **Coñecemento profundo das normas e das consecuencias de non cumprir as mesmas.**
 - **Unificar criterios de intervención.**
 - **Comunicación aos pais** de cada titoría de devanditas normas.
 - **Fomento da participación das familias**, incremento das reunións xerais e individuais.
 - **Unicidade de criterios entre familia e escola.** (Contrato coas familias).
 - Programar un tempo para o **traballo nas titorías** dos seguintes aspectos: Debate e discusión das **normas**; Por en práctica a **assemblea de aula** como estratexia de revisión de funcionamento das normas no grupo; información e tratamento do **Día da Constitución** co fin de resaltar a importancia deste proceso como exercicio de democracia e participación; e Fomentar a **asunción de compromisos** en canto as normas consensuadas
 - **Elaboración en cada clase das normas** que van rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro.
 - **Coñecemento das consecuencias da transgresións da norma.** O “**termómetro**”. Estratexia para que o profesorado supervise o cumprimento das normas. Premios para os grupos que alcancen maior puntuación no cumprimento das normas.

- Fomentar os **valores democráticos**: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta.
 - Programas de **habilidades sociais e intelixencia emocional**.
 - **Sensibilizar ao alumnado ante os malos tratos, acoso e intimidación entre iguais**: en qué consisten, como se manifestan, que podemos facer si o sufrimos, que podemos facer si vemos que un compañeiro/a acosa a outro...
 - Fomentar un **trato persoal correcto** entre os distintos membros da comunidade Educativa.
 - Establecer unhas **regras contra o acoso**: non debemos tratar a ninguén de forma violenta e invitaremos a participar aos compañeiros/as que queden só nos nosos xogos.
 - Pasar **cuestionarios de detección de acoso** na clase.
 - **Formar á comunidade**: familias, profesorado e alumnado, en temas relacionados coa convivencia.
 - Evitar situacións que provoquen comportamentos inadecuados: diminución do nivel de ruído, distribución axeitada de espazos...
 - Fomentar a asunción de **compromisos cara o coidado do medio**.
 - Poñer en práctica o **PAT e o PXAD**.
 - Poñer en práctica os **protocolos** para atallar as incidencias dos alumnos/as que presenten alteracións de comportamento.
 - Participación en **actividades extraescolares**.
- **Procedementos específicos de actuación**

A) Protocolos en caso de conflito:

Ante calquera **conflito leve** que xurda será o **propio profesorado titor ou especialista**, o que o resolva mediante o diálogo e a negociación cos seus alumnos/as, as normas que han rexer a boa marcha da clase. En caso de incumprimento da norma falarase co alumno/a individualmente e axudaráselle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dea conta das consecuencias da súa actitude.

Segundo a gravidade da falta haberá unha **amoestación verbal ou unha sanción**. Ademais, se é unha situación de pelexa ou insulto, o alumnado implicado fará as paces e pedirase disculpas.

Informarase ás familias permanentemente dos conflitos, ben no momento que xordan ou ben nas frecuentes entrevistas cos titores/as. Falarase con elas e tentarase buscar unha solución á situación e de seguir uns criterios comúns de actuación.

O **Equipo Directivo** apoiará este labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas polo profesorado de clase, do centro, actuación do profesorado, agrupamento e motivación do alumno/a, se a disfunción é debida a problemas de aprendizaxe...

A familia do alumno/a: Manteranse reunións para solicitar información cos organismos e servizos sociais nos casos en que a alteración puidera ter alguna relación coa relación e/ou ambiente familiar.

Programarase un **plan de actuación para o alumno/a por parte da orientadora e o profesorado titor** do alumno/a e será presentado aos demais membros do claustro que estean en relación co alumno/a.

Segundo o caso o plan de actuación deberá incluír os aspectos seguintes: obxectivos, actuación individual co alumno/a, selección de técnicas que se poden aplicar co alumno/a, medidas adoptadas en relación co comportamento disruptivo na aula, organización e dinámica da clase, interacción profesor/alumno, localización espacial na aula, aceptación ou rexeitamento do alumno por parte dos seus compañeiros/as, temporalización.

En relación co ámbito familiar: Co fin de manter unha liña de actuación común e aumentar deste xeito a eficacia da actuación, estableceranse unha serie de reunións coa familia do alumno/a, nas que se lles explicará en que consiste a actuación programada, daráselles orientacións de actuación e irase a avaliando a eficacia de devandita actuación.

B) Protocolo ante posibles situacións de intimidación, maltrato ou acoso:

No caso de que calquera membro da comunidade educativa (familia, alumnado, profesorado ou outro persoal do centro), detectase a sospeita ou teña constancia dalgún caso de intimidación, acoso, agresión ou faltas moi graves entre alumnos/as, iniciaranse os protocolos de *Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso* propostos pola Xunta de Galicia.

12. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Aprobación e difusión do Plan de Convivencia no Consello Escolar e posterior incorporación ao PE do centro.

A Comisión de Convivencia realizará o **seguimento** do mesmo, valorará os avances e dificultades do Plan. Ademais realizarase un seguimento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Realizarase unha **avaliación** do plan atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Coordinación e implicación do Plan no centro.
- Formación e asesoramento recibidos e recursos utilizados.
- Conclusións e propostas de mellora.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.
- Realizarase unha **revisión Anual do Plan** a comezos de cada curso escolar para engadir as posibles modificacións.

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios, rexistros do cumprimento do establecido e a observación directa.